

MISA CON NENOS 25 de outubro 2020 ORDINARIO 30º-A

Mateo 22,34-40: “Amarás a Deus e o próximo como a ti mesmo”.

Mensaxe: **AMA a DEUS sobre todas as COUSAS Fratelli tutti.**



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Estamos terminando o mes de outubro, o mes da Virxe, o mes do Rosario. Neste domingo 30 do tempo ordinario, a Palabra de Deus é moi clara: o amor a Deus é o gran agasallo que a nosa fe nos ten que dar. E, cando un descobre o amor de Deus, á forza e sen querelo temos que amar os demais. Amar a Deus de verdade e, a continuación, querer a aqueles que viven cerca ou lonxe de nós, é o gran reto para esta semana. É o que o papa Francisco nos recorda na seu encíclica Fratelli tutti (todos irmáns).

Que esta Eucaristía nos axude, no Día do Señor, a non esquecer que, entre moitas cousas, letras, invitacións, escaparates ou diversións...nada nos ha de distraer do amor a Deus e aos demais.

SAÚDO: O que nos define aos cristiáns é amar. Comezamos recordando a aquel que sabemos que nos ama:

No nome do Pai... Deus Pai, Fillo e Espírito santo, rico en misericordia e en amor, sexa convosco. (Pódese mostrar o cartel co lema: “Ama a Deus sobre todas as cousas Fratelli tutti”).

2. PERDÓN

Ao Deus da misericordia que tanto nos quere e nos busca, pedímoslle perdón.

- Ti, que nos chamas a adorar a Deus coa nosa vida. **Señor, ten piedade de nós.**
- Ti, que nos mostras que a Deus só se pode adorar e servir cando amamos o irmán. **Cristo, ten piedade de nós.**
- Ti, que desexas que construíamos un mundo de amor, de proximidade, sendo solidarios e irmáns de todos. **Señor, ten piedade de nós**

3. PALABRA DE DEUS

Se nos preguntamos que é o esencial da mensaxe de Xesús respóndennolo hoxe as lecturas: amar a Deus e amar ao próximo. O Evanxeo de S. Mateo dinos que o amor a Deus ha de ser con todo o corazón, por encima da montaña de cousas que temos. O libro do Éxodo pídennos que tratemos como a un irmán o emigrante e que Deus será o seu defensor. S. Paulo eloxia os Tesalonicenses porque abandonaron os ídolos para adorar e servir a Deus. Escoltemos con atención.



4. PETICIÓNS

A Xesucristo, que viviu a vontade do Pai e a solidariedade cos homes como un mesmo amor, pidámoslle: - Axúdanos a vivir todos como irmáns.

- 1.- Que a túa Igrexa sexa testemuña do amor de Deus, lugar de acollida e de perdón. **Oremos.**
- 2.- Que amemos e adoremos o Deus persoal que acompaña a nosa vida e nos interpela. **Oremos.**
- 3.- Que te queiramos, Señor, con toda a alma e con todo o corazón. **Oremos.**
- 4.- Que descubramos que non podemos amar a Deus sen amar o irmán. **Oremos.**
- 5.- Que nos doian as persoas que son maltratadas ou que o pasan mal. **Oremos.**
- 6.- Que o amor aos necesitados nos leve a descubrir o rostro de Deus neles. **Oremos.**
- 7.- Que os nenos teñan na casa o primeiro modelo de amor na súa familia. **Oremos.**
- 8.- Polos enfermos de coronavirus, polos que sofren, polos que perderon o traballo ou faleceron. **Oremos.**

Señor, que vivamos a fraternidade “recoñecendo, valorando e amando a cada persoa máis aló do lugar onde naza ou onde habite” (FT 1). Por XCNS. Amén

5. OFRENDAS

- LIBRO DA BIBLIA:** Este libro, con tantas páxinas e con tanta mensaxe, é o libro da biblia e resúmese nestas dúas frases: ·Ama a Deus” e “Ama o próximo”. Oxalá sexa o noso libro de cabeceira, o que guíe a nosa vida e o noso xeito de ser.
- ENCÍCLICA FRATELLI TUTI (Todos irmáns):** Esta encíclica do Papa explícanos como vivir neste ano 2020 a pandemia, como ser próximos e samaritanos co próximo, como vivir a fraternidade hoxe. Que a leamos e a asumamos todos.
- CAIXA DE CARAMELOS** (pódense repartir ao final): Os amigos de Xesús reparten o seu amor a todas as persoas. Ofrecemos estes caramelos como expresión do noso desexo de querer a todos pois querer os demais é ser como os caramelos, sempre doces, facendo felices, dándonos.
- PAN E VIÑO:** Co pan e o viño traemos ante o Señor o noso agradecemento polo moito que nos dá. Polo sol e as estrelas, polo pan e a auga, polo traballo e o seu agarimo cara a nós. E pedímoslle por aqueles que prescindin de Deus nas súas vidas.

6. SUXESTIÓNS

- Analizade nesta semana como ides concretando no día a día a única fórmula que nos deixou Xesús: amor a Deus e ao próximo.
- Dá grazas porque o seu mandamento, a súa lei, é o Amor. Ama a Deus de corazón, dílo, rézalle, conta con el, obedece a súa vontade.
- Preguntade como os santos concretaron o seu vivencia do amor de xeito admirable, poñendo a súa vida, os seus pés, o seu corazón, todo o seu ser en Cristo.
- Lede a encíclica Fratelli Tutti (todos irmáns), comentádea en grupos, resume cales son os criterios para vivir hoxe a fraternidade, enviade algunha frase da encíclica aos vossos amigos ou poñédea en facebook ou instagram para eles.
- Fixámonos no salmo 17 que nos axuda a loar a Deus coa descrición deses oito títulos: é a nosa roca, alcázar, liberador, penedo refuxio, escudo, baluarte e forza salvadora.
- Rezamos a Oración ao Creador, extraída da Encíclica Fratelli Tutti nº 287 do Papa Francisco, que aparece na contraportada.
- O catequista pode ao final repartir caramelos explicando que querer aos demais é ser como os caramelos, doces e facendo felices os demais.

7. POSCOMUNIÓN: Oración ao Creador (Fratelli tutti nº 287)


Señor y e Pai da humanidade,
Que creaches a todos os seres humanos coa mesma dignidade,
infunde nos nosos corazóns un espírito fraternal.
Inspíranos un soño de reencontro, de diálogo, de xustiza e de paz.
Impúlsanos a crear sociedades máis sas
e un mundo máis digno, sen fame, sen pobreza, sen violencia, sen guerras.
Que o noso corazón ábrase
a todos os pobos e nacións da terra,
para recoñecer o ben e a beleza que sementaches en cada un,
para estreitar lazos de unidade, de proxectos comúns,
de esperanzas compartidas. Amén. Papa Francisco.



8. VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO: Ord-30-A, Mateo 22,34-40: “Amarás a

Deus e o próximo como a ti mesmo”.

- Mt 22,34-40, película: <https://www.youtube.com/watch?v=Q2fp44pC1M4>
- Mt 22,34-40, O mandamento principal: <https://www.youtube.com/watch?v=4GGiyex3R1Y>
- Mt 22,34-40, narración: <https://www.youtube.com/watch?v=TYE9plmbPiO>
- Mt 22,34-40, lecturas con imaxes: https://www.youtube.com/watch?v=knhb_jAfsyk
- Ama o Señor, teu Deus, debuxos animados: <https://www.youtube.com/watch?v=dq23SNZ4voA>
- O mandamento principal, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=RLY-gxD2h5k>
- Debuxos do 1 Mandamento: https://www.youtube.com/watch?v=thOd1yTbr_w
- Evanxeo do domingo, cómic: <https://www.youtube.com/watch?v=dc1jEmWek8o>
- Amados, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=KmlxDDQBWgw>
- A árbore do amor, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=iN2ooH5lo2c>
- DOMUND 2011, Verbo Divino 2011 <https://www.youtube.com/watch?v=8laHYVIE1rg>
- A árbore do amor, Verbo Divino 2014: <https://www.youtube.com/watch?v=iN2ooH5lo2c>
- Amados, Verbo Divino 2017: <https://www.youtube.com/watch?v=KmlxDDQBWgw>
- Onde está o teu corazón, Verbo Divino 2020: <https://www.youtube.com/watch?v=o3idZQYJ8Og>
- Amarás, o Evanxeo cantado: <https://www.youtube.com/watch?v=yIMUrZSXMxw>
- Lecturas en linguaxe de signos: https://www.youtube.com/watch?v=vN5fbsy_ISO
- Amarás o Señor, teu Deus, Javier Brú: https://www.youtube.com/watch?v=yI59DUGrq_w



“As palabras de S. Francisco feliz quen ame o outro de preto e de lonxe, expresa o esencial dunha fraternidade aberta que permita recoñecer e amar a cada un máis alá de onde habite”. Francisco, Fratelli tutti nº 1.